



Convenio marco entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Confederación de Empresarios de Galicia sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

En Santiago de Compostela, trece de abril de dous mil vinte e un

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra, _____, na súa calidade de presidente da Confederación de Empresarios de Galicia -CEG-, con domicilio social na Rúa do Vilar, número 54, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) e N.I.F: G15080476. Actúa en nome e representación da CEG, en virtude do seu nomeamento como presidente por acordo da Asemblea extraordinaria electoral celebrada o día 21 de xaneiro de 2021 e das facultades que emanan do artigo 24 dos estatutos da CEG aprobados pola Asemblea xeral de 29 de outubro de 1991 e modificados polos acordos da Asemblea xeral da CEG de 23 de febreiro de 2000 e de 29 de xuño de 2011.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39.2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio



dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que todos os ciclos formativos incluírán unha fase práctica dual de formación nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- b) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Realización do módulo de formación en centros de traballo.
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
 - Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
 - A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
 - Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.



c) A colaboración formalizarase mediante convenio.

Así mesmo, recolle no seu artigo 19 que as ofertas de accións formativas de formación profesional irán dirixidas á adquisición e á mellora das competencias e das cualificacións profesionais, promoverán a formación permanente e organizaranse en ciclos formativos e en cursos para unha maior especialización ou formación específica para determinados colectivos, co fin de que as persoas avancen no seu itinerario de formación profesional independentemente da súa situación en cada momento.

3. A Resolución do 12 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, con carácter experimental, dos cursos de especialización de formación profesional no ano académico 2020/21 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que terán por obxecto completar as competencias daquelas persoas que dispoñan dun título profesional de referencia e incorporar na formación do alumnado as últimas innovacións do sistema produtivo, nomeadamente dos ámbitos emerxentes.

Dadas as especiais características dos cursos de especialización, a súa alta especialización, a incorporación no seu currículo de competencias de sectores produtivos emerxentes, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten en marcha un plan global para o desenvolvemento dos cursos de especialización fundamentado na participación activa dos profesionais dos sectores produtivos, os clúster, as asociacións, os centros de investigación etc. na formación e capacitación do profesorado, na formación do alumnado e na cesión de equipamento e/ou instalacións. Este plan ten como finalidade última garantir a mellor formación e capacitación do alumnado, un alto coñecemento do sector e unha óptima inserción profesional.

4. Que a CEG é unha organización privada e independente, cuxo principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. Constituída no ano 1981 por común acordo das catro Confederacións Provinciais de Empresarios, a CEG é unha entidade sen ánimo de lucro, de afiliación voluntaria e de estrutura democrática. Desde a súa creación, a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico galego, é membro da Confederación Española de Organizacions



Empresariais (CEOE) e da Confederación Empresarial da Pequena e Mediana Empresa (CEPYME).

5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a CEG están dispostas a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a CEG. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación, que se concretarán, se é necesario, a través de addendas ao presente Convenio marco:

- a. A CEG promoverá a colaboración das empresas e organizacións empresariais nos cursos de especialización de formación profesional xa sexa a través da formación e capacitación do profesorado, na formación do alumnado e/ou na cesión de equipamento e/ou instalacións.
- b. Promover entre as empresas e organizacións empresariais o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- c. Impulsar que as empresas participen no programa de formación en centros de traballo (FCT), para o alumnado que curse formación profesional.
- d. Orientar na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- e. Fomentar a obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras das empresas galegas,



dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.

- f. Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- g. Valorar a creación dun programa de bolsas de formación por parte da CEG para alumnado que finalice ciclos de formación profesional ou cursos de especialización.
- h. Promover o apoio mutuo centro-empresas, especialmente entre as pequenas e medianas empresas e os centros educativos, que impartan ensinanzas de formación profesional

Segunda. Cursos de especialización de formación profesional

Os cursos de especialización deben responder de forma rápida ás innovacións que se produzan no sistema produtivo e a ámbitos emerxentes, coa creación dos perfís profesionais demandados polos sectores emerxentes como Big Data, intelixencia artificial, desenvolvemento sostible, industria intelixente, robótica ou 3D, entre outros. Neste sentido, estes cursos complementan a formación incluída nos títulos de referencia que permiten aos titulados mellorar as súas competencias e adquirir outras novas en ámbitos moi especializados e concretos das súas respectivas familias profesionais.

Na nosa Comunidade Autónoma impártense actualmente cinco cursos de especialización, oferta que está previsto ampliar nos próximos cursos; a CEG colaborará, dentro das súas posibilidades:

- Na identificación das empresas e organizacións que poidan colaborar no desenvolvemento destes cursos de especialización
- Na promoción da colaboración destas empresas na formación e capacitación do profesorado que imparta estes cursos, na formación do alumnado e na cesión de equipamento e/ou instalacións.
- Na divulgación destes cursos de especialización de formación profesional entre a poboación e as empresas, especialmente na pequena e mediana empresa.



Terceira. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Os centros de FP teñen a responsabilidade de fomentar a realización de proxectos nas súas aulas que potencien o desenvolvemento e a mellora dos procesos tecnolóxicos, metodolóxicos e formativos e potencien a colaboración co mundo empresarial. Estes proxectos deberán evolucionar cara a sistemas de traballo que integren a innovación didáctica e tecnolóxica nos ensinos de Formación Profesional e poñan en contacto permanente a centros educativos co tecido empresarial da súa contorna, así como con organizacións e entidades co mesmo interese científico dentro dunha cultura colaborativa.

Neste sentido e dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade promoveranse as actuacións conxuntas coa CEG, co obxectivo de potenciar a colaboración das empresas e especialmente das pequenas e medianas tanto no desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de formación profesional como calquera outra iniciativa que promova a transferencia de coñecemento, buscando a calidade e a excelencia na formación profesional.

Cuarta. Programa de formación en centros de traballo

A CEG promoverá que as empresas acollan alumnado que estea cursando formación profesional para a realización do módulo de FCT, e canalizará as demandas das empresas ben ata os centros educativos atendendo ás especialidades, ou ben cara ao servizo ou unidade administrativa que designe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que se encargará da derivación aos centros educativos.

Cada centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha titor/a ou titores/as que colaborarán co/a titor/a da empresa na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

O/A alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de



traballo entre a empresa e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o convenio de colaboración formativa entre o centro educativo e a empresa, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumnado, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Quinta. Formación e actualización do profesorado

Á proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar de maneira consensuada cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese, tanto para persoal específico das empresas pertencentes á CEG, dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Para tal fin, a CEG colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente as estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadias en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Así como tamén, colaborará na formación e actualización do profesorado naquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese.

Sexta. Recoñecemento da experiencia laboral dos/as traballadores/as das empresas pertencentes á CEG

Dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade analizará coa CEG a posibilidade de acreditar a experiencia profesional dos/as traballadores/as das empresas e convocar aquelas cualificacións profesionais vinculadas a determinados postos de traballo.

Sétima. Impulso ao sistema de formación profesional dual

A CEG continuará co impulso da formación profesional dual co obxecto da cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral na empresa, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo. Neste sentido, valorará as posibilidades de



poñer en funcionamento proxectos de formación dual, que se formalizará coa firma dun convenio específico, ou ofertar prazas de FP Dual de segundo curso.

Oitava. Programa de bolsas de formación

As partes asinantes, a través da Comisión de seguimento deste Convenio, valorarán a creación dun programa de bolsas de formación destinadas a aquel alumnado, especialmente sobresaínte que finalice ciclos formativos de formación profesional ou cursos de especialización, e que realizara o módulo de formación nos centros de traballo das empresas ás que se refire este convenio.

Novena. Apoio mutuo centro-empresas

A través da CEG fomentárase o apoio mutuo entre as empresas, especialmente as pequenas e medianas, e os centros educativos, que impartan ensinanzas de formación profesional, en todos aqueles aspectos de interese para as partes, entre eles:

- a. Cursos de formación para o profesorado e os profesionais do sector.
- b. Colaboración coas empresas para o desenvolvemento de proxectos de innovación.
- c. Asistencia técnica ás empresas, resolución das problemáticas técnicas sobre creación ou modificación de prototipos ou produtos que melloren a competitividade das empresas.
- d. Participación das empresas nas iniciativas, con presenza empresarial, que se poñan en marcha dentro do catálogo de servizos da rede de centros integrados de formación profesional.

Todas aquelas empresas colaboradoras nos aspectos que se recollen neste convenio, recibirán da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional, un selo distintivo de empresa colaboradora, que certifica a súa colaboración coas ensinanzas de formación profesional da Comunidade Autónoma.

As persoas que desempeñen a función de tutores/as do alumnado de formación profesional nos centros de traballo, baixo a aplicación deste convenio, recibirán unha certificación que recolla as funcións realizadas, e a duración destas.



Décima. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da CEG.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que actuará como secretaria.

As súas funcións serán as seguintes:

- Efectuar o seguimento e avaliación do convenio.
- Estudar as liñas de colaboración para adecuar o deseño e actualización das ensinanzas de formación profesional ás demandas do sector produtivo.
- Proponer as addendas necesarias para o desenvolvemento das actuacións previstas no Convenio marco, que incluírán a calendarización e recursos asignados para as distintas actividades, así como as modificacións do convenio que se xulguen necesarias, especialmente as orientadas á realización doutras accións.
- Resolver as cuestións, dúbidas e discrepancias que podan aparecer na execución das actuacións, e que algunha das partes eleve a comisión.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Décimo segunda. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo



que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o alumnado, os centros educativos e as empresas que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo terceira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno,

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que este versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente conveio, atópano conforme e asínano no lugar e data indicados no encabezamento.



O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

Román Rodríguez González

O presidente da Confederación de
Empresarios de Galicia